



PREZOS PÚBLICOS

As ensinanzas de réxime especial están suxeitas ao pagamento de prezos públicos conforme ao establecido no *Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño* ([DOG núm. 114 do 17 de xuño de 2013](#)).

1. Prezos públicos

Alumnado oficial

- ✓ Apertura de expediente (**só** para alumnado que se matricula por primeira vez nunha EOI de Galicia): **22€**
- ✓ Servizos xerais: **13€** (só unha vez cada ano académico)
- ✓ Matriculación por cada idioma (cursos ordinarios): **92€**
- ✓ Cursos de actualización e especialización para o público en xeral (monográficos): **1,5€/hora** (cursos de 30h: 45 €; cursos de 60h: 90 €, cursos de 120h: 180 €)

Alumnado libre

- ✓ Apertura de expediente (**só** para alumnado que se matricula por primeira vez nunha EOI de Galicia): **22€**
- ✓ Matriculación por cada idioma: **46€**

Probas de clasificación

- ✓ Inscripción por cada idioma: **17€**

2. Bonificacións e exencións de prezos públicos

O dereito ás exencións deberá ser acreditado documentalmente (con copia e orixinal) no momento de formalizar a matrícula.

2.1. Familias numerosas (artigo 12.2.a) da [Ley 40/2003, de 18 de novembro de protección a las familias numerosas](#)). O recoñecemento da condición de familia numerosa corresponde á comunidade autónoma de residencia da persoa solicitante.

2.1.1. Familias numerosas de categoría especial: exentas do 100% do pagamento dos prezos públicos.

2.1.2. Familias numerosas de categoría xeral: bonificación do 50%.

- ✓ Apertura de expediente: **11€**
- ✓ Servizos xerais: **6,5€**
- ✓ Matricula por cada idioma: **46€**



2.2. Alumnado con discapacidade: de acordo co establecido no artigo 30 da [Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social de minusválidos](#), as persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% están exentas do pagamento dos prezos públicos.

2.3. Víctimas de actos terroristas: de acordo co artigo 7.1 da [Lei 32/1999, de 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo](#), están exentas do pago dos prezos públicos as vítimas de actos terroristas, así como os seus cónxuxes e fillos.

2.4. Alumnado bolsreiro: o alumnado que reciba unha bolsa ou axudas con cargo a fondos públicos **para estas ensinanzas**, non aboará os prezos públicos establecidos para a matrícula por primeira vez, nin pola apertura de expediente, nin por servizos xerais. Unha vez resolta a convocatoria de bolsas, o alumnado que resultara beneficiario deberá presentar a súa credencial de bolsreiro na secretaría do centro. En caso de non resultar beneficiario, o alumnado deberá aboar os prezos correspondentes á matrícula, á apertura de expediente, se fose o caso, e aos servizos xerais, xunto cos intereses de demora correspondentes, que efectuará nun único pagamento, no prazo dun mes dende a perda do dereito á aplicación da exención. No caso de non efectuar o pago procederase á anulación da matrícula para todos os efectos.

2.5. Violencia de xénero: de acordo co artigo 7.6 do [Decreto 89/2013](#), as alumnas que sexan vítimas de violencia de xénero quedan exentas do pagamento, así como as súas fillas e fillos.

2.6. Persoal funcionario docente: exento do pago da matrícula por idioma (92€).

De acordo co artigo 7.7 do [Decreto 89/2013](#), estará exento do pagamento da matrícula, exclusivamente, e **nas materias de nova matriculación**, o funcionariado en servizo activo dos corpos docentes establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. En calquera caso, as persoas beneficiarias desta bonificación deberán aboar os conceptos de apertura de expediente, de ser o caso, e servizos xerais.

O persoal docente deberá acreditar que está en servizo activo no momento de formalizar a matrícula (poderá solicitar un certificado na páxina <https://www.edu.xunta.gal/datospersoais/>, en Expediente electrónico > 3.1 Servizos).

Non hai redución de prezos públicos para o alumnado repetidor.

2.7. Persoal funcionario con familia numerosa de categoría xeral

No caso de que un alumno pertencente ao persoal funcionario docente en servizo activo sexa tamén membro dunha familia numerosa (de categoría xeral), terá unha redución do 50% nos conceptos a aboar (por ex., apertura de expediente, se é o caso: **11€**, e servizos xerais: **6,5€**).

3. Fraccionamento do pago

A modalidade oficial permite fraccionar o pagamento da matrícula por cada idioma (NON se fracciona o concepto de servizos xerais nin, de ser o caso, o de apertura de expediente): o 50% pagarase no momento da matrícula, e o segundo prazo domiciliarase a través da Axencia Tributaria de Galicia, que realizará o cargo nos meses de xaneiro ou febreiro. O feito de fraccionar o pagamento non exime de pagar a totalidade da matrícula (nin sequera en caso de renuncia voluntaria ou abandono dos estudos).

Os prezos públicos correspondentes á inscrición en probas polo réxime libre, ou de clasificación, ou para a matrícula en cursos monográficos e cuatrimestrais, non poderán ser fraccionados.